

A BEPEF informa n.º 19

Xuño 2025 | Boletín de novas

da biblioteca | da UDC | de apoio á investigación

Novas... da BIBLIOTECA

Novidades bibliográficas impresas

Aceros y fundiciones

Administración y logística en la cadena de suministros

carpintería de Ribera en Gijón, La

Carpinteros de ribera y astilleros en Gran Canaria

Código IMDG: Código marítimo internacional de mercancías peligrosas

Dibujo técnico: sistema diédrico

Dibujo técnico: sistema acotado: cubiertas y terrenos

Ejercicios de técnicas gráficas para ingeniería biomédica

Energía solar térmica y termoeléctrica: ENAE008PO

Fabricación aditiva

Fundamentals of additive manufacturing for the practitioner

Galicia deseñada: símbolos, marcas e identidades gráficas, A

gamela gallega y la masseira portuguesa: el origen de dos embarcaciones tradicionales, La

Great talks about photo realism. Book 1

Implementing environmental, social and governance (ESG) principles for sustainable businesses : a practical guide in sustainability management

Ingeniería y ciencia de materiales metálicos

Intelixencia artificial para a sociedade

Madeira de mar: apuntes sobre a gamela

Mantenimiento total de la producción (TPM): proceso de implantación y desarrollo

Manual de la poroelasticidad lineal

Manual del aprendiz de carpintero de ribera

Máquinas eléctricas

**Novidades
bibliográficas
impresas**

[continuación]

Materials and process selection for engineering design

Materials engineering and science: principles, properties, and processes

Metal additive manufacturing

Metals and alloys: industrial applications

Microsoft Excel: versiones 2019 u Office 365: 120 ejercicios y soluciones

nueva ordenación de las universidades: estudios sobre la Ley Orgánica 2/2023 del sistema universitario, La

Puesta a punto del barco: preparación para salir a navegar

Simulation of power electronics circuits with MATLAB®/Simulink®: design, analyze, and prototype power electronics

Sistemas de telefonía fija y móvil

Sistemas eléctricos de alto voltaje, baterías y recarga

SOLAS consolidated edition 2024

Tarugos y modelos : ejercicios de dibujo y geometría para estudiantes de Arquitectura

Tecnología de máquinas. I, Fundamentos, ejes, acoplamientos y apoyos

Tecnología de máquinas. II, Uniones, engranajes, transmisiones

Tecnología eléctrica

Vento nas velas: embarcacións tradicionais e cultura marítima de Galicia


**Novidade
destacada**

**Sinatura BEPEF:
N.D 15**

SOLAS : 50 aniversario 1974-2024 : edición refundida de 2024. Organización Marítima Internacional, 2024.

Xa dispoñible na biblioteca, tanto en inglés coma en castelán, a nova edición refundida do Convenio SOLAS. Incorpora todas as enmendas en vigor a data de 1 de xuño de 2024.

Esta obra é bibliografía recomendada de diversas materias impartidas na Escola.



Tamén podes coñecer as
novidades de toda a biblioteca universitaria
dende o noso catálogo → **CONSULTAR EN Crunia**

**A EPEF
recomenda**

O libro
escollido por
Fran Bellas

A lectura recomendada deste boletín n.º 19 céntrase na Intelixencia Artificial e vén da man dun experto na materia como é o profesor da EPEF Francisco Bellas. Isto é o que nos conta Fran sobre o libro *La inteligencia artificial explicada a todos los públicos*:


Co boom das ferramentas dixitais coma ChatGPT e outras similares baseadas en grandes modelos da linguaxe (LLM), son cada vez máis numerosos os textos, artigos, libros e cursos sobre Intelixencia Artificial (IA). Pero poucos tan interesantes coma este de Lorena Fernández e Pablo Garaizar, ilustrado por Denisse Beltrán. Afastados dos temas de moda, coma a IA xenerativa, os autores percorren a historia da IA, explican o sentido de crear máquinas “intelixentes” e dan unha visión xeral dos fundamentos deste campo, incidindo nos dilemas éticos que implica. E todo isto cunha linguaxe sinxela pero rigorosa, e o que lle parece máis didáctico, estupendamente ilustrado e esquematizado para mellorar a comprensión e facilitar a lectura. O profesor Bellas recomenda este libro a calquera estudante (mellor dende a ESO) e docente coma unha lectura de base, que axude a asentir un coñecemento sobre esta tecnoloxía, co obxectivo principal de facer un uso responsable e crítico dos sistemas de IA actuais e, sobre todo, de comprender as implicacións dos que poidan vir no futuro.

Título do libro:
*La inteligencia
artificial
explicada a todos
los públicos*

Autoría:
Lorena
Fernández
Álvarez e Pablo
Garaizar
Sagarminaga

Ano:
2024

Sinatura:
INF.A 522



Fran Bellas é catedrático da área de Ciencia da computación e intelixencia artificial e investigador do CITIC. Pertence ademais ao Grupo Integrado de Enxeñaría. Conta cunha extensa experiencia investigadora e produción científica sobre IA e Educación, entre outras liñas. A IA e a Educación é precisamente a temática do informe “*Explainable AI in Education*”, encargado pola Comisión Europea, que foi coordinado polo profesor Bellas e que está a piques de publicarse. Polo de agora pode consultarse en LinkedIn.

**Horario de
verán**

Horario da biblioteca durante os meses de verán:

- Xuño e xullo: de 9:00 a 20:00 h.
- Agosto: de 9:15 a 13:45 h.
- 1 a 5 de setembro: de 9:00 a 20:00 h.

**Revistas
impresas
abril-maio 25**

Revista	Número	Data
Alfa	nº 61	marzo
Automática e instrumentación	nº 562	marzo
CIC: arquitectura y sostenibilidad	nº 600 e nº 601	mar.; abr.
Código cero	nº 260; nº 261; nº 262	mar.; abr.; maio
Electronic product design & test	v. 3, v. 4 e v. 5	mar.; abr.; maio
Elektor MAG	nº 537	mai./xuñ.
Eurofach electrónica	nº 502	marzo
Fluidos	V. 54 [nº 474; nº 475; nº 476]	xan./feb.; mar.; maio
Gas actual	nº 174	xan./mar.
IMHE	nº 514; nº 515; nº 516; nº 517	xan./feb.; mar.; abr.; maio
Luces CEI	nº 79; nº 80; nº 81; nº 84	out_23/feb./mai_24 ; mai_25
J3E	nº 915; nº 916; nº 917	feb.; mar.; abr.
The MagPi	nº 153; nº 154	mai.; xuñ.
Marine technology	v.1	xaneiro
Metalindustria	nº 58 e nº 59	feb./mar.; abril
Regata	nº 226	maio
Retema	nº 261	mar./abr.
Revista española de electrónica	nº 844, nº 845, nº 846	mar.; abr.; maio
Revista española de física		out./dec.
Rotación	nº 620 e nº 621	abr.; xuñ.
Surfas press	nº 56	abril
Técnica Industrial	nº 340	marzo
Tecnoinstalación	nº 72; nº 73	en.-abr.
Televes Info	nº 192	marzo
Theknos	nº 266	mar./abr.
Transactions of the Society Institution of Naval Architects	V.126	Año 2018

Novidades bibliográficas

Recursos electrónicos [selección]

Big data e intelixencia artificial: fundamentos, tecnoloxías y aplicaciones reales

ChatGPT y OpenAI: desarrollo y uso de herramientas de intelixencia artificial generativa

DeepSeek: explorando los límites de la Inteligencia Artificial

Excel y Power Bi: el cóctel perfecto

Gran libro de SolidWorks

Máquinas eléctricas. Vol. 1: transformadores

Máquinas eléctricas. Vol. 2: dinámicas

Office + Copilot: optimiza Word, Excel, Powerpoint y Teams

Sistemas electrónicos digitales

RUC

Actualización

O repositorio institucional da UDC, o RUC, non está operativo nin para consulta nin para depósito de documentos a partir do 12 de xuño. Esta parada está motivada porque se vai realizar un cambio de versión.

As previsións de restablecemento son as seguintes:

- Consulta: entre o 16 e o 20 de xuño
- Depósito de documentos: entre o 30 de xuño e o 4 de xullo.



OpenAIRE Train-the-Trainer Bootcamp

Na biblioteca da EPEF continuamos esforzándonos en mellorar e actualizar os nosos coñecementos para prestar o máximo apoio á comunidade da EPEF. Nesta ocasión, persoal da biblioteca foi seleccionado para participar no [Seventh OpenAIRE Train-the-Trainer Bootcamp](#).

Trátase dunha intensa formación en liña ao longo dunha semana na que participan unha vintena de persoas seleccionadas en diferentes países do mundo. A temática da formación céntrase na Ciencia Aberta, así coma en diferentes metodoloxías e ferramentas docentes de utilidade para impartir formación ao persoal investigador dende os servizos de apoio.



Este evento organízase dúas veces ao ano dende Open AIRE e cómpre redactar unha solicitude para optar á selección. Como alternativa, existe unha versión do curso en aberto na plataforma [OpenPlato](#), que ademais actualizan periodicamente.

**Formación
sobre Zotero**


A biblioteca da EPEF impartiu dúas formacións sobre o xestor bibliográfico Zotero (v. 7.0), dirixidas a alumnado de grao e mestrado. A primeira sesión tivo lugar no marco dunha materia de 1º curso no grao de Enxeñaría Naval e Oceánica e no Programa de simultaneidade con Enxeñaría Mecánica. A segunda tamén se impartiu nunha aula, neste caso na materia Innovación na Industria Téxtil, do Máster Universitario en Tecnoloxía Textil e Moda Sustentable. En ambas as dúas sesións a docente foi a nosa compañeira María Yáñez.

Ademais de ofrecer formación sobre xestores, lembra que podes solicitarnos a revisión da bibliografía dos teus traballos académicos para corrixir posibles erros.

zotero**Novas... da UDC****Avaliemos**

O alumnado e profesorado da UDC pode participar ata o 20 de xullo na campaña de avaliación da actividade docente (Avaliemos) para as materias anuais e do segundo cuatrimestre.

[+ info e acceso ás enquisas](#)

**Campus sen
fume**

A UDC publicou unha normativa sobre campus sen fume na que se indica que estarán libres de fume todos os recintos universitarios, en concreto no interior dos edificios e nos accesos inmediatos a estes, así como nas beirarrúas circundantes dentro dos campus. No resto dos espazos ao aire libre dos campus recoméndase non fumar.

Coa normativa publícase tamén un Plan universidade libre de tabaco.

[Normativa sobre campus sen fume da UDC](#)

**Normativa****Progresión e
permanencia**

Publicado o acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025, polo que se aproba o texto consolidado da normativa que regula a progresión e a permanencia do estudiantado matriculado en estudos oficiais de grao ou de mestrado universitario da Universidade da Coruña. Establece os requisitos de permanencia tanto na primeira matrícula coma na continuación de estudos. [Ver a normativa](#)

**Dedicación e
dispensa
académica**

Tamén se publicou o acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025, polo que se aproba a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudiantado de grao e mestrado universitario. Nesta norma régulanse as modalidades de dedicación completa, parcial e adaptada, así coma a dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas. [Ver a normativa](#)

Concurso de vídeos

Concurso de vídeos "Móvetes polos ODS", dirixido a alumnado das universidades galegas (UDC, USC e UVigo). A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), convoca a cuarta edición deste concurso, que ten o obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formemos parte da solución aos grandes retos mundiais sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc...

Está aberto a vídeos de 1 min. de duración máxima, en formato mp4, coa temática de como se pode contribuír individualmente á consecución dalgunha das 169 metas nas que se materializan estes obxectivos. Solicitudes abertas ata o 3 de outubro. [+ info](#)



Novas... de APOIO á INVESTIGACIÓN

Normativa

Comité de ética

O Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña conta cun novo regulamento, aprobado recentemente polo Consello de Goberno. Este comité é un órgano colexiado, permanente, interdisciplinar, independente e de carácter consultivo. A súa finalidade é avaliar e garantir a adecuación dos aspectos éticos, metodolóxicos e legais da investigación e a docencia, así como promover a integridade científica e académica. [Ver o regulamento](#)

Xestión de proxectos

Ademais, en maio tamén se publicou o acordo do Consello de Goberno, polo que se aproba a normativa sobre a promoción e xestión de proxectos de investigación internacionais da Universidade da Coruña. Esta normativa pretende impulsar a participación da comunidade universitaria en programas e convocatorias internacionais de investigación, garantir unha xestión eficiente dos proxectos internacionais, fomentar a excelencia investigadora e reforzar a proxección internacional da UDC. O artigo 3 regula Artigo 3. Oficinas da UDC de apoio na preparación, tramitación e xestión de proxectos de I+D internacionais, entre as que atopamos o Servizo de Biblioteca, que colabora coa OPI e coa OCPI, facilitando o acceso a recursos especializados e proporcionado asesoramento en materias como a ciencia aberta, a xestión dos datos de investigación e a visibilidade da produción científica da UDC. [Ver a normativa](#)

Data articles in journals, v6

No mes de maio lanzouse unha nova versión da lista de revistas que publican artigos de datos, elaborada por persoal da biblioteca da UDC. Engadíronse novos títulos e actualizáronse os indicadores:

Balsa-Sanchez, C., & Loureiro, V. (2025). Data articles in journals (Version 6) [Data set]. Zenodo. <https://doi.org/10.5281/zenodo.15553313>

**A EPEF
investiga**

**Artigos de
revista
publicados
por PDI da
EPEF**

Compartímosvos a produción científica do profesorado da EPEF indexada entre abril e xuño en distintas bases de datos¹:

A constraint programming-based decomposition strategy for the block assembly scheduling problem in shipbuilding

A new deep learning-based approach for predicting the geothermal heat pump's thermal power of a real bioclimatic house

An Enhanced Adaptive Kalman Filter for Multibody Model Observation

Assessment of the Influence of Erosion Wear on the Design Parameters and Useful Life of the C4-70 Family Centrifugal Fan

CFD model of the heat transfer processes in an offshore photovoltaic panel

CO2 laser cleaning of gum residues on architectural stone and quantitative assessment by hyperspectral imaging

Economic feasibility of floating offshore solar farms. The case of study of the Levantine-Balearic region of Spain

Feasibility and Limitations of Solar Energy Integration in Merchant Ships: A Case Study on Fire Detection Systems

H-GRAIL: A Robotic Motivational Architecture to Tackle Open-Ended Learning Challenges

Innovative Applications of Laser Technology for Bedridden People Posture Monitoring

Kalman filter based on marker and force plate measurements and a full multibody model, for the real-time capture, reconstruction and analysis of human movement

Scientific Advances and Applications of 360 Tours in the XXI Century

Susceptibility of different pigments to irradiation by two lasers with different pulse duration and wavelength

Tailoring the Multifunctional Properties of PA6/PA12 75/25 Conductive Polymer Composites with Carbon Nanotubes

Textile Fiber Pollution: Relating Textile Features to Fiber Release in Pilling Experiments

The vacuum weighted Einstein field equations

Thermal and mechanical properties of textiles as a basis for assessing microfibre release

Understanding joint range of motion development in robotic learning

¹ Fontes consultadas: Web of Science, Scopus e publicacións da EPEF no Portal da investigación da UDC.

Métricas de citas


CiteScore

JCR

Táboas de citas mundiais

Scopus ven de publicar o **CiteScore 2024**, o seu ranking de publicacións periódicas en base ás citas recibidas. Esta edición inclúe 31.138 títulos activos, dos cales 7.961 son open access. [+ info](#) | [Acceso a CiteScore](#)

Clarivate tamén publicou o pasado 18 de xuño os datos de **JCR 2025**, as métricas de revistas da Colección Principal de Web of Science. A novidade desta edición é que deixan de ter en conta as citas dos artigos retractados para o cálculo das métricas. [+ info](#)




Ademais, en relación coas métricas de Web of Science e Scopus, na web da FECYT están dispoñibles as actualizacións das **táboas de citas mundiais por categoría**, extraídas destas bases de datos. Esta nova actualización abrangue o periodo comprendido entre 2012 e 2023. [+ info](#)

Portal de investigación

Novas tipoloxías documentais

Na última actualización dos portais DialnetCRIS anunciouse a ampliación das tipoloxías documentais que o persoal investigador pode remitir. Entre outras, permítese a inclusión de plans de xestión de datos, teses, patentes, informes ou software, entre outras.



The screenshot shows the 'Portal de investigación' interface. On the left is a sidebar with navigation options: 'Datos personales', 'Informes', 'Publicaciones' (with a '+ Nueva publicación' button), 'Publicaciones', 'Grupos de investigación', and 'Ayuda'. The main area displays the 'Añadir nueva publicación' form, which includes a text input for 'DOI o URL' and buttons for 'CONTINUAR' and 'NO TENGO URL'. Below the form is a link: 'Ver las publicaciones pendientes de aceptación'. To the right of the form is a dropdown menu showing a list of document types: 'Patente', 'Plan de gestión de datos', 'Póster de congreso', 'Reseña', and 'Software'.

Para engadir unha nova publicación, unha vez identificado [Portal de investigación da UDC](#), o persoal investigador debe premer en “Nova publicación”. Se esta conta cun DOI, poderemos introduci-lo e xa se captan os datos de forma automática. No caso destas novas tipoloxías documentais escolleremos a opción “No tengo URL”. Unha vez introducidos os datos, a publicación deberá de ser validada polo persoal da biblioteca antes de ser visible.

ORCID**Verificar perfil**

Sabes que para verificar o rexistro de ORCID co email da UDC cómpre empregar o dominio udc.gal? Estes son os pasos a seguir:

1. Introduce no perfil de ORCID o teu email co dominio udc.gal

2. Confirmao mediante a ligazón que chegará ao correo para que figure como verificado. [+ info](#)



Sobre nós... Biblioteca Ángela Ruiz Robles (EPEF)
Enderezo

Edificio de Apoio ao Estudo, 2º Andar. Campus de Esteiro, Ferrol.

Teléfonos

Mostrador. Información e préstamos: 881 013 332 / 881 013 652
 Proceso técnico. Apoio ao estudantado e a PDI: 881 013 290 / 881 013 625
 Dirección da biblioteca: 811 013 284

Email

biblioteca.epef@udc.es

Redes sociais

[@biblioexenaria](#)

Web

<https://www.udc.es/biblioteca.epef>

**Subscripción ao boletín**

Podes recibir novos números deste boletín no teu correo electrónico solicitándoo no seguinte [formulario](#).